

# APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



## ISABEL ZENDAL

(Ordes 1773 – Nova España,  
actual México, século XIX)

Foi unha enfermeira galega  
que formou parte da expedición  
que levou a vacina da variola  
a América.

Isabel nace na parroquia de Parada,  
en Ordes, e moi nova marcha

á Coruña a traballar no Hospital da Caridade, onde coida dos nenos  
e das nenas do orfanato. En 1803 forma parte, xunto con 22 nenos  
portadores da vacina da variola, da expedición que a bordo  
do buque María Pita sae da Coruña con destino a América.

Ela encargárase en todo momento do benestar e da saúde dos nenos.  
Esta expedición sanitaria comandada por Francisco Xavier Balmis  
contribuíu a erradicar a enfermidade. A Organización Mundial  
da Saúde (OMS) reconece a Isabel Zendal como a primeira  
enfermeira da historia en misión humanitaria.

E ti, queres saber máis?

Sabías que...?

Durante moitos anos a **variola** foi unha enfermidade grave e contaxiosa cun alto risco de morte, e foi erradicada totalmente no ano 1980.

# MULLERES GALEGAS

redacta

A día de hoxe hai moitas científicas que están a traballar para acabar con distintas doenzas. Das seguintes mulleres **subliña** as que teñen profesións científicas.

*Tarsy Carballas, Ana Peleteiro, María Castaña, Marie Curie, Mabel Loza, Filomena Dato, María Victoria Moreno, María Teresa Miras Portugal, María José Alonso, Rosalía de Castro, Ana Kiro.*

A aparición dunha nova enfermidade non é unha historia do pasado senón que, por desgraza, a día de hoxe é unha situación que temos moi presente debido á pandemia mundial que provocou a COVID-19.

**Reflexiona** sobre a túa experiencia neste período no que vives e **redacta** e **imaxina** como será o mundo cando as investigadoras atopen por fin unha vacina para o coronavirus.

Colorea esta  
muller viaxeira  
e debuxa a paisaxe  
que ti queiras  
ao seu redor.

# MULLERES GALEGAS

colorea



O nome do buque  
que levou  
este remedio a  
América era María Pita.

# MULLERES GALEGAS

responde

Sabes quen foi María Pita?

---

---

---

---

---

---

---

---



Que relación ten María Pita coa cidade da  
que partiu a expedición para erradicar a varíola?

Que nome lle porías ao teu buque  
no caso de facer unha expedición científica?

---

---

---

---

---

---

---

---

A expedición sanitaria para levar a vacina ao novo continente dividiuse en varias ao chegar a América.

# MULLERES GALEGAS

**sinala**



SINALA no mapa os países por onde pasaron vacinando a poboación: **Venezuela, Chile, México, Cuba, Perú, Filipinas.**

Neste encrucillado aparecen agochados diferentes termos relacionados coa vida de Isabel Zendal.

# MULLERES GALEGAS


encrucillado

### Horizontais:

- 1 - Concello de nacemento de Isabel Zendal.
- 3 - Os nenos da expedición viñan do .....
- 6 - Máximo responsable da expedición sanitaria.
- 11 - Enfermidade que buscaban erradicar .....

### Verticais:

- 2 - Utilizado para producir inmunización preventiva a unha doenza.
- 4 - Profesión de Isabel Zendal.
- 9 - Cidade da que saíu a expedición sanitaria.
- 11 - Nome do buque da expedición de Isabel Zendal (dúas palabras).



Comproba  
as túas  
actividades.

# MULLERES GALEGAS

soluciona

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11
1	O	R	D	E	S						
2				N					C		M
3		O	R	F	A	N	A	T	O		A
4				E					R		R
5		V		R					U		Í
6	B	A	L	M	I	S			Ñ		A
7		C		E					A		
8		I		I							P
9		N		R							I
10		A		A							T
11				V	A	R	I	O	L	A	

encrucillado

redacta

*Tarsy Carballas, Ana Peleteiro, María Castaña, Marie Curie,  
Mabel Loza, Filomena Dato, María Victoria Moreno,  
María Teresa Miras Portugal, María José Alonso,  
Rosalía de Castro, Ana Kiro.*

sinala

